*Dado que, no caso do Concello de Rianxo, existen factores de carácter estrutural que están a supoñer unha necesidade de financiamento nos últimos anos, como consecuencia dunha situación de insuficiencia orzamentaria, considero que a suspensión das regras fiscais non deben afectar ás medidas de axuste orzamentario que se deben adoptar para reconducir a facenda municipal a unha situación de sostibilidade financeira.*

### **3.2.6 Regra de gasto (RG)**

#### **3.2.6.1 Taxa de referencia para a regra de gasto**

*O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.*

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Na sesión do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018, fixou a taxa de referencia no 2,7% para o ano 2019.

### 3.2.6.2 Cálculo do gasto computable

Establécese no apartado 2 do artigo 12 como se determina o volume de gasto computable.

*“2. Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento”.*

No apartado 4 do mesmo artigo establécese o efecto dos incrementos permanentes de recadación no gasto computable máximo:

*“4. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel o gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos nos que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.”*

*Cando se aproben cambios normativos que supoñen reducións da recadación, o nivel do gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos nos que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía equivalente.”*

O detalle do cálculo é o seguinte:

#### 1. Emplegos non financeiros excluídos os xuros da débeda

Concepto	Liquidación exercicio 2018	Peche final liquidación 2019
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	8.124.435,36	10.461.212,74
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros según o SEC	335.818,71	269.099,18
(-) Alleamentos de terreos e demais investimentos reais	0,00	
(+/-) Investimentos realizados por conta da corporación local	0,00	
(+/-) Execución de avais	0,00	
(+) Achegas de capital	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	



Concepto	Liquidación ejercicio 2018	Peche final liquidación 2019
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	360.024,65	288.147,36
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro	-24.205,94	-19.048,18
(+) Préstamos	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pagamento a provedores 2012		
(-) Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra A.P.	0,00	
(-) Grao de execución	0,00	
Outros (especificar)	0,00	0,00
Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda	8.460.254,07	10.730.311,92

## 2. Exclusión dos empregos non financeiros financiados con subvencións doutras Administracións Públicas

(-) Pagamentos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a corporación local	0,00	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas	-1.351.724,25	-2.441.696,00
Unión Europea	0,00	0,00
Estado	-3.102,90	-14.452,87
Comunidade Autónoma	-664.938,97	-1.028.159,47
Deputacións	-678.250,35	-1.390.644,66
Outras Administracións Públicas	-5.432,03	-8.439,00
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0,00	0,00
Total de gasto computable do exercicio	7.108.529,82	8.288.615,92

### Detalle dos gastos financiados con subvención:

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
Vivendas dos mestres (convocatoria 2017)	2018/2/3/1	0,6136	IGVS	CA	92.747,20
Gastos de persoal e de funcionamento da OdR da ARI	2018/3/6/1	0,0952	IGVS	CA	8,22
PEIM 2018-19. Pavimentación do camiño de subida ao Monte Treito	2018/2/15/1	0,7909	Agader	CA	15.303,42
PEIM 2019-20. Pavimentación de pista de Cerqueiras a Campelo, tramo 1	2019/2/19/1	0,8264	Agader	CA	22.792,81
Contratación de persoal para as oficinas de turismo	2019/3/26/1	0,8571	Axencia de Turismo de Galicia	CA	5.200,00
Promoción e difusión das festas da Guadalupe	2019/3/30/1	0,9917	Axencia de Turismo de Galicia	CA	2.999,89

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
<i>Campaña de información e sensibilización fronte á violencia de xénero</i>	2019/3/31/1	0,6491	Axencia de Turismo de Galicia	CA	3.000,00
<i>Cultura no camiño</i>	2019/3/33/1	0,1753	Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)	CA	2.500,00
<i>Xulgado de Paz</i>	2017/3/11/1	0,9832	Xunta de Galicia	CA	487,77
<i>Acondicionamento da ruta das Trece Cruces</i>	2018/2/20/1	0,8264	Xunta de Galicia	CA	9.705,09
<i>Xulgado de Paz</i>	2018/3/11/1	0,9203	Xunta de Galicia	CA	916,62
<i>APROL Rural</i>	2018/3/26/1	0,8741	Xunta de Galicia	CA	8.664,96
<i>Contratación temporal de persoas perceptoras da Risga</i>	2018/3/27/1	0,9783	Xunta de Galicia	CA	2.698,04
<i>Orientador laboral</i>	2018/3/33/1	0,9610	Xunta de Galicia	CA	19.726,92
<i>Obradoiro de emprego "Carnero Valenzuela"</i>	2018/3/37/1	0,9852	Xunta de Galicia	CA	85.435,55
<i>Obradoiro de emprego "Arcos Moldes II"</i>	2018/3/39/1	0,9653	Xunta de Galicia	CA	186.642,15
<i>AEDL</i>	2018/3/5/1	0,2941	Xunta de Galicia	CA	239,49
<i>Plan Concertado. Traballadoras sociais</i>	2018/3/8/1	0,5219	Xunta de Galicia	CA	798,21
<i>SAF dependencia</i>	2018/3/9/1	0,7207	Xunta de Galicia	CA	23.919,69
<i>FCA. Vehículo para labores de protección do medio ambiente</i>	2019/2/17/1	0,5876	Xunta de Galicia	CA	7.386,13
<i>Mellora das coleccións bibliográficas</i>	2019/2/21/1	1,0000	Xunta de Galicia	CA	3.877,87
<i>Dotación das novidades editoriais en galego en formato físico</i>	2019/2/22/1	1,0000	Xunta de Galicia	CA	2.218,19
<i>Prevenção dos incendios forestais</i>	2019/3/10/1	0,9265	Xunta de Galicia	CA	22.499,77
<i>Plan Concertado. Traballadoras sociais</i>	2019/3/11/1	0,5260	Xunta de Galicia	CA	32.974,61
<i>AEDL</i>	2019/3/12/1	0,3679	Xunta de Galicia	CA	13.359,59
<i>SNL</i>	2019/3/14/1	0,2461	Xunta de Galicia	CA	3.477,48
<i>Orientador laboral</i>	2019/3/17/1	0,9459	Xunta de Galicia	CA	3.550,41
<i>Xulgado de Paz</i>	2019/3/2/1	0,8360	Xunta de Galicia	CA	3.290,96
<i>APROL Rural</i>	2019/3/20/1	0,9069	Xunta de Galicia	CA	39.352,15
<i>Contratación temporal de persoas perceptoras da Risga</i>	2019/3/22/1	0,9564	Xunta de Galicia	CA	12.258,05
<i>Cartel do contrato de servizos da brigada de incendios</i>	2019/3/29/1	0,8264	Xunta de Galicia	CA	236,47
<i>Campamento urbano audiovisual para mocidade de 13 a 17 anos</i>	2019/3/32/1	0,8299	Xunta de Galicia	CA	4.979,40
<i>Actividades de igualdade na biblioteca municipal</i>	2019/3/35/1	0,9045	Xunta de Galicia	CA	961,49
<i>Actividade Ler conta moito, na biblioteca municipal</i>	2019/3/36/1	0,6958	Xunta de Galicia	CA	1.026,27
<i>Medidas de conciliación do Concello de Rianxo</i>	2019/3/37/1	0,5406	Xunta de Galicia	CA	9.877,30
<i>Programa de sensibilización, información e difusión sobre a igualdade e prevención de violencia</i>	2019/3/38/1	1,0000	Xunta de Galicia	CA	7.257,10

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
SAF dependencia	2019/3/4/1	0,7560	Xunta de Galicia	CA	284.377,10
Obradoiro de emprego "Clínica Vella"	2019/3/40/1	0,9710	Xunta de Galicia	CA	59.544,60
Vixilancia e defensa contra os incendios forestais	2019/3/9/1	0,7316	Xunta de Galicia	CA	31.868,50
				CA Suma	1.028.159,47
Remodelación da Casa de Rafael Dieste	2016/2/11/1	0,8000	Deputación Provincial	DP	125.926,76
POS 2018. Ampliación da rede de saneamento en Traba e A Veiga	2018/2/10/1	0,9095	Deputación Provincial	DP	57.563,08
POS 2018. Dotación da rede de abastecemento en Suigrexa e Montegrande	2018/2/11/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	60.245,90
POS 2018. Renovación do parque infantil do CEIP ADR Castela	2018/2/12/1	0,9148	Deputación Provincial	DP	42.392,98
POS 2018. Mellora e mantemento do firme na rúa Campo de Pazos	2018/2/13/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	23.824,82
POS 2018. Acondicionamento no edificio da sede da Policía Local	2018/2/14/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	107.319,60
POS 2019 Provedores. Investimentos	2018/2/22/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	101.984,92
POS 2018. Pavimentación interior no núcleo de Brión. 1ª fase.	2018/2/9/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	96.563,62
SAF libre concorrencia	2018/3/10/1	0,4740	Deputación Provincial	DP	3.729,26
SNL	2018/3/13/1	0,5105	Deputación Provincial	DP	244,49
Rede Cultural 2018	2018/3/15/1	0,4558	Deputación Provincial	DP	2.461,32
Contratación de persoal para as oficinas de turismo	2018/3/19/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	488,00
Animadora cultural	2018/3/2/1	0,3882	Deputación Provincial	DP	206,08
PEL 2018	2018/3/20/1	0,7723	Deputación Provincial	DP	2.484,06
Contratación de persoal técnico para a Aula Activa do Mar	2018/3/28/1	0,9667	Deputación Provincial	DP	296,71
Contratación de persoal técnico para a Casa Museo Manuel Antonio	2018/3/29/1	0,9710	Deputación Provincial	DP	464,69
Animador deportivo	2018/3/3/1	0,5657	Deputación Provincial	DP	324,08
POS 2019 Provedores. Gasto corrente	2018/3/40/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	57.240,37
POS AD 1/2017. Pavimentación da pista Somoza (Asados)-Igrexa (Leiro)	2019/2/1/1	0,8693	Deputación Provincial	DP	78.972,72
POS AD 1/2017. Mantemento e mellora do cemiterio municipal	2019/2/2/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	66.007,72
POS 2018. Saneamento e abastecemento no lugar de Lustres	2019/2/4/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	25.639,97
POS AD 1/2018. Restauración do pavimento da Alameda de Rianxo	2019/2/6/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	32.023,13
Animadora cultural	2019/3/13/1	0,4109	Deputación Provincial	DP	9.792,59
SNL	2019/3/14/1	0,4938	Deputación Provincial	DP	11.753,45
Festival Noites de Jazz	2019/3/15/1	0,6028	Deputación Provincial	DP	5.958,38
Contratación de persoal para as oficinas de turismo	2019/3/18/1	0,9734	Deputación Provincial	DP	15.350,18
PEL 2019	2019/3/19/1	0,9980	Deputación Provincial	DP	50.085,32
Rede Cultural 2019	2019/3/21/1	0,5000	Deputación Provincial	DP	24.339,74

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
Limpeza de praias	2019/3/25/1	0,7545	Deputación Provincial	DP	21.822,91
Contratación de persoal técnico para a Aula Activa do Mar	2019/3/27/1	0,9943	Deputación Provincial	DP	10.167,37
Contratación de persoal técnico para a Casa Museo Manuel Antonio	2019/3/28/1	0,9943	Deputación Provincial	DP	10.167,37
POS 2019. Gasto corrente en alumado público	2019/3/3/1	0,9106	Deputación Provincial	DP	236.751,27
SAF libre concorrencia	2019/3/5/1	1,0823	Deputación Provincial	DP	93.947,64
Animador deportivo	2019/3/7/1	0,5582	Deputación Provincial	DP	14.104,16
				DP Suma	1.390.644,66
Gastos de persoal e de funcionamento da OdR da ARI	2018/3/6/1	0,0634	AXE	E	5,47
Renovación das instalacións do alumado público exterior	2018/2/1/1	0,8000	Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)	E	14.447,40
				E Suma	14.452,87
Convenio Pascua 2019	2019/3/23/1	1,0000	Concello de Padrón	EL	8.439,00
				EL Suma	8.439,00
				General Suma	2.441.696,00

### 3. Variacións no nivel do gasto computable como consecuencia de variacións permanentes de recadación

(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	-12.834,08	-31.532,04
Ibi urbana. Efecto da redución do tipo de gravame	-76.351,79	-19.243,58
Ibi rústica. Efecto da redución do tipo de gravame	-15.163,66	-12.288,46
Ibi urbana. Efectos da Ponencia de valores aprobada en 2012	78.681,37	

Esta información extráese do informe da Tesourería emitido o 11/09/2020, que consta no expediente. Nel, non se cuantifican os efectos do incremento da recadación derivado do incremento da base liquidable pola aplicación do coeficiente reductor a partir da aprobación da Ponencia de valores de 2012. Estase a omitir o incremento do nivel de gasto computable por este concepto.

### 4. Resultado

Gasto computable 2018	7.108.529,82
Taxa de referencia de crecemento PIB 2018	2,70%
Gasto computable incrementado pola taxa de referencia	7.300.460,13
Aumentos/diminucións de recadación	-31.532,04
Gasto computable máximo	7.268.928,09
Gasto computable do exercicio	8.288.615,92

Déficit(-)/Superávit(+) regra de gasto	-1.019.687,83
--	---------------

No 2019 reitérase un amplo incumprimento do obxectivo da regra de gasto.

A superación do obxectivo da regra de gasto realizouse por 1.019.687,83 €. A adquisición do Pazo de Rianxiño foi determinante, xa que sin este investimento, teríase cumprido o dito obxectivo.

No exercicio 2018 cuantificouse nun 31,25 por cento o incremento do gasto computable do exercicio:

Concepto	Liquidación exercicio 2017	Peche final liquidación 2018	Variación	Variación (%)
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	7.686.001,22	8.124.435,36	438.434,14	5,70%
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros según o SEC	-575.041,61	335.818,71	910.860,32	-158,40%
Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda	7.110.959,61	8.460.254,07	1.349.294,46	18,97%
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas	-1.694.750,54	-1.351.724,25	343.026,20	-20,24%
<b>Total de gasto computable do exercicio</b>	<b>5.416.209,07</b>	<b>7.108.529,82</b>	<b>1.692.320,75</b>	<b>31,25%</b>
(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	14.537,72	-12.834,08	-27.371,80	-188,28%

No exercicio 2019 o dito incremento foi inferior, xa que pasou dun 31,25 por cento a un 22,16 por cento. Nesta redución influíu o gran incremento de gastos financiados con subvencións das Administracións Públicas, que se incrementaron nun 80,64 por cento.

Concepto	Liquidación exercicio 2018	Peche final liquidación 2019	Variación	Variación (%)
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos os xuros)	8.124.435,36	10.461.212,74	2.336.777,38	28,76 %
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros según o SEC	335.818,71	269.099,18	-66.719,53	-19,87 %
Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda	8.460.254,07	10.730.311,92	2.270.057,85	26,83 %
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas	-1.351.724,25	-2.441.696,00	-1.089.971,75	80,64 %
<b>Total de gasto computable do exercicio</b>	<b>15.568.783,89</b>	<b>19.018.927,84</b>	<b>3.450.143,95</b>	<b>22,16 %</b>
(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	-12.834,08	-31.532,04	-18.697,96	-145,69 %

### 3.2.6.3 Consecuencias do incumprimento da regra de gasto

O artigo 21 LOEFSF establece a obriga da elaboración dun plan económico-financieiro non só no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, senón tamén para o suposto da regra de gasto e nos mesmos termos que nos indicados no apartado adicado a aquela.

Como xa se dixo no caso do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a causa da

aprobación da suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021, non procede neste momento aprobar un PEF.

Non obstante, tal e como apuntei a propósito da estabilidade orzamentaria, considero que a suspensión das regras fiscais non deben afectar ás medidas de axuste orzamentario que se deben adoptar para reconducir a facenda municipal a unha situación de sostibilidade financeira.

### 3.2.7 Nivel de débeda (CV)

#### 3.2.7.1 Cumprimento do obxectivo do nivel de endebedamento

O artigo 53.2 TRLFL establece que o nivel máximo de endebedamento ata o que non se precisa autorización para concertar unha operación de crédito é o 110 por 100, calculado do seguinte xeito:

$$\frac{CV}{DRN\text{correntes}} \times 100$$

CV: Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada

DRN correntes: ingresos correntes liquidados (dereitos recoñecidos netos) no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo deba realizarse no primeiro semestre do ano e non se teña liquidado o orzamento correspondente.

De igual modo que no caso do aforro neto, hai que considerar a redacción que a disposición final 31ª LOXE 2013 dálle á disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro en relación ao cálculo dos ingresos correntes, xa visto, e en relación ao capital vivo:

“Aos efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido dos avais, incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e o importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado”.

Da aplicación desta normativa resulta un endebedamento a 31/12/2019 do 36,95 por cento dos ingresos correntes axustados, tendo unicamente as operacións vivas e non as proxectadas para 2020.

Entidade	Préstamo	Importe
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30
Deputación Provincial	POS 2019	187.078,56

Entidade	Préstamo	Importe
Banco de Sabadell	807645534588	1.600.000,00
Banco de Sabadell		199.679,04
<b>Total (débeda a 31/12/2019)</b>		<b>2.879.864,26</b>

CV a 31/12/2019	2.879.864,26
Ingresos correntes axustados	7.794.152,71
CV/Ingresos correntes axustados (%)	36,95 %

De ter en conta as operacións de endebedamento de 2020, a dita porcentaxe ascende a un 39,59 por cento.

Entidade	Préstamo	Importe
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30
Deputación Provincial	POS 2019	187.078,56
Deputación Provincial (proxeitada para 2020)	POS 2020	205.817,02
Banco de Sabadell	807645534588	1.600.000,00
Banco de Sabadell		199.679,04
<b>Total (débeda proxectada para 2020)</b>		<b>3.085.681,28</b>

CV a 31/12/2019 máis a operación proxectada	3.085.681,28
Ingresos correntes axustados	7.794.152,71
CV/Ingresos correntes axustados (%)	39,59 %

Dado que, en calquera caso, o nivel de endebedamento está por debaixo do 75 por cento dos ingresos correntes axustados do 2019, estase a cumprir o obxectivo de débeda.

Non obstante, chámase á prudencia ante un paulatino e continuado incremento do endebedamento financeiro a través dos plans anuais de obras e servizos da Deputación Provincial. Debido a esta

tendencia, recomendo a utilización destes préstamos provinciais para substituír parcialmente endebedamento bancario, co que se consegue eliminar o seu custo financeiro, xa que os préstamos provinciais non teñen xuros.

### 3.2.7.2 Réxime de endebedamento para 2020

As limitación ao endebedamento proceden de varios textos normativos e ten en conta varias magnitudes. En canto ao aforro neto, hai que ter en conta que para o seu cálculo haberá que ter en conta as precisións realizadas ao inicio do apartado deste ratio.

No 2020 mantense o mesmo réxime que en 2019.

#### 1. Endebedamento para o financiamento de investimentos

NORMA	SITUACIÓN	CONSECUENCIA	APLICABLE
Artigo 10.4 RDL 4/2012	Remanente de tesourería para gastos, xerais negativo (durante a vixencia do préstamo derivado do MPP 2012-22)	Prohibición	Non: os préstamos co Fondo de Financiamento de Pagamento a Provedores (FF.PP.) están cancelados
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto negativo	Prohibición	Non (aforro neto positivo)
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento igual ou inferior ao 75%	Non existe prohibición para concertar operacións de crédito a longo prazo	Si (nivel de endebedamento inferior ao 75%)
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento superior ao 75% e igual ou inferior ao 110%	Posibilidade de acudir a endebedamento previa autorización do órgano que ten a tutela financeira (Xunta de Galicia)	Non (nivel de endebedamento inferior ao 75%)
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Nivel de endebedamento superior ao 110%	Prohibición	Non (nivel de endebedamento inferior ao 75%)

#### 2. Operacións de refinanciamento de operacións de crédito a longo prazo

En ausencia dunha regulación ao respecto na LOXE, debe aplicarse o réxime previsto no artigo 49.2.d) TRLFL para a "substitución total ou parcial de operacións (de endebedamento) preexistentes". Ao mesmo tempo, deberán terse en conta as prescricións da Resolución do 04/07/2017 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira sobre a prudencia financeira das EE.LL. Así, o seu artigo 7 establece que:

*"Calquera entidade financeira distinta á acreedora orixinal poderá formalizar unha operación baixo estes criterios co fin de que (...) Entidade Local (...) amorticen anticipadamente a operación previa".*

Dos criterios expostos anteriormente nese artigo 7 derívase que esta novación, reestruturación ou



*refinanciamento poderá realizarse co límite do custo financeiro máximo que, só poderá superarse nos supostos enumerados nese precepto.*

*Tendo en conta as magnitudes do aforro neto e capital vivo, é posible acudir a endebedamento para substituír parcialmente endebedamento financeiro, como é o caso dos préstamos provinciais incluídos nos POS anuais.*

### **3.2.8 Período medio de pago (PMP)**

#### **3.2.8.1 Cumprimento do período medio de pagamento**

Período	Ratio de Operacións Pagadas	Ratio de Operacións Pendentes de Pagamento	Período Medio de Pagamento Trimestral
2018 4T	77,10	2,31	51,49

*Indícase que desde o terceiro trimestre de 2018 ata o cuarto trimestre de 2019 non consta o cálculo deste indicador. Tras a modificación da metodoloxía do seu cálculo existen problemas para o cálculo do PMP pola aplicación de contabilidade pola falta de integración entre a aplicación de xestión de expedientes (e tamén das facturas) e a aplicación de contabilidade, que permita ter en conta a data de conformidade. Os datos da táboa non son fiables, xa que están a considerar como dies a quo para o cómputo, a data de aprobación das facturas. Isto non é representativo da realidade do PMP, xa que as dificultades na tramitación das facturas están na súa aprobación debido a falta de crédito orzamentario, fase na que se produce o atraso do pago. Unha vez aprobadas as facturas, o tempo que media ata o pagamento é pouco, o que explica valores baixos do PMP na táboa. En calquera caso, considero que existe un incumprimento.*

*O artigo 4.2 LOEOSF establece que “enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pagamento a provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa de morosidade”. Actualmente, cos niveis acadados polo PMP debe concluírse en que non existe sostibilidade na débeda comercial. O motivo fundamental do incumprimento do PMP é a insuficiencia orzamentaria que dá lugar a un importante volume de facturas incluídas na conta (413) e que non se poden tramitar por falta de orzamento.*

#### **3.2.8.2 Consecuencias do incumprimento**

*O artigo 16.6 LOEOSF establece a consecuencia deste incumprimento:*

*“(…) Cando o período medio de pagamento dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á dita publicación, como parte do dito plan o seguinte:*

*a) O importe dos recursos que vai adicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder*

*reducir o seu período medio de pagamento ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade*

*b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobros ou pagamentos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pagamento a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade”.*

*De acordo co artigo 18.5 LOEOSF é o órgano interventor das Corporacións Locais a que debe realizar o seguimento do cumprimento do período medio de pagamento, o que estase a realizar a través deste informe.*

*Para corrixir este indicador é indispensable a disciplina orzamentaria por parte dos órganos xestores do gasto.*

### **3.3 Diagnose da situación económica do Concello de Rianxo**

*Tras o análise realizado neste informe extráense as seguintes conclusións:*

- En cómputos globais, deuse unha situación de equilibrio orzamentario. Non obstante, a falta de disciplina orzamentaria ocasionou novamente unha superación dos créditos do orzamento e das súas limitacións cuantitativas e cualitativas. En consecuencia, medrou novamente o importe de gastos pendentes de aplicar ao orzamento, comprometendo o Orzamento de 2020, xa que o remanente de tesourería de 2019 é insuficiente para asumilas e empeorando a sostibilidade da débeda comercial.*
- A falta de sostibilidade orzamentaria ponse tamén de manifesto no recurso ao remanente de tesourería para facer fronte a gastos de exercicios anteriores e gastos sen consignación orzamentaria do exercicio corrente. Isto supón un empeoramento no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Resalto como grave o feito de que se trata dunha práctica recorrente que pon en risco a sostibilidade dos gastos orzamentarios. Aínda así, os gastos pendentes de aplicación medraron 288.147,36 € ata acadar o importe de 972.760,84 €-*
- No empeoramento do remanente de tesourería resultou determinante un incremento excepcional das desviacións de financiamento acumuladas negativas, que evidencian un ritmo máis lento no ingreso dalgunhas subvencións. Algunhas delas non se trata de programas ordinarios, senón que teñen un carácter puntual e a súa relevancia no orzamento é importante, polo que o seu efecto negativo fíxose notar.*
- Nos últimos anos está a medrar paulatinamente o endebedamento financeiro. Non obstante, hai que resaltar o esforzo na amortización de toda a débeda bancaria en 2018. En 2019 incrementouse novamente, pero a través de actuacións moi puntuais e extraordinarias, nas que entendo xustificada a apelación ao préstamo, sen entrar na conveniencia ou non de acometer o investimento. Máis inadvertido pode pasar o endebedamento por préstamos provinciais a*

*través dos plans anuais do POS. Recomendo que se utilice para substituír parcialmente endebedamento bancario, co que se elimina así o custo financeiro e o nivel de endebedamento non incrementa.*

- *Débase ter moi en conta o global dos préstamos provinciais, xa que aínda están en carencia. Nos últimos anos vense prorrogando o inicio do período de amortización. O primeiro ano no que se iniciará a dita devolución é o 2022. A partir deste ano (salvo nova prórroga), pode producirse un impacto significativo no orzamento coa detracción de recursos correntes para financiar as amortizacións. O total da carga financeira dos préstamos provinciais ascende a 128.600,22 €, incluíndo a operación prevista do POS+ 2020.*
- *O aforro neto mantivo un nivel satisfactorio, aínda que de ter en conta os gastos da conta (413) experimentaríase unha redución importante. Por outra parte, cabe a posibilidade de que haxa unha parte sobrevalorada que non podo avaliar ante a falta dunha información completa e global dos ingresos de carácter extraordinarios, que minorarían o valor do aforro.*
- *Vense observando nos últimos exercicios un incremento dos ingresos correntes inferior ao dos gastos correntes. Esta tendencia, de manterse no tempo supón unha redución da capacidade municipal para acometer investimentos, asumir un maior gasto estrutural estratéxico vinculado a servizos esenciais (xestión integral dos residuos urbanos, xestión integral da auga e saneamento...).*
- *Consecuencias da falta de disciplina orzamentaria e incremento da conta (413):*
  - *Empeoramento do período medio de pago, xunto cos prexuízos causados aos provedores. Incrementase o risco da esixencia de responsabilidades ao concello por parte dos provedores.*
  - *Contribución ao incumprimento da regra de gasto*
  - *Contribución á xeración en 2019 de necesidade de financiamento*
  - *Se as magnitudes orzamentarias (resultado orzamentario, aforro neto ou remanente de tesourería) tivesen en conta os gastos pendentes de aplicación, os seus datos serían significativamente peores.*
- *Debido ao incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, deberíase proceder á elaboración dun plan económico-financieiro. Non obstante, debido á suspensión das regras fiscais a partir do acordo do Congreso dos Deputados do 20/10/2020, non é necesario, xa que se consideraría superado. Non obstante, considero fundamental continuar coas medidas de equilibrio de gastos e ingresos co fin de superar esta situación estrutural de insostibilidade financeira.*

#### **4 CONCLUSIÓNS**

#### **4.1 Sobre o procedemento**

*O contido do expediente reúne os requisitos do TRLFL, pero non cumpriu o prazo para a súa elaboración e remisión ao Ministerio de Facenda. Neste punto retomo a reflexión do punto 3.1.2 deste informe para acometer medidas organizativas que comprometan tanto aos cargos electos como aos departamentos da Área Económica que o peche contable debe estar realizado no mes de marzo, para que a actividade orzamentaria sexa o máis estable posible.*

*Dado que constatouse un incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, o informe sobre o dito incumprimento deberá remitírselle á Subdirección Xeral de Política Financeira e Tesouro nun prazo de 15 días desde o seu coñecemento polo Pleno. Como xa se indicou, non é preciso elaborar un plan económico-financeiro.*

#### **4.2 Medidas propostas**

- *Continuar coas medidas encamiñadas a garantir a existencia nos contratos menores mediante a proposta de gasto obrigatoria, iniciada neste exercicio 2020.*
- *Establecer un compromiso entre os cargos electos e os departamentos implicados para facilitar que actuacións como o peche contable se realicen en prazo.*
- *Establecer outras medidas encamiñadas a incrementar o aforro bruto e neto:*
  - *Adicar parte dos fondos provinciais concedidos a gasto corrente*
  - *Revisar o financiamento dos servizos públicos e a ocupación de dominio público municipal para considerar o establecemento de taxas ou prezos públicos*
- *Reducir o endebedamento a través do remanente de tesourería, na medida na que os gastos de exercicios anteriores o permitan.*
- *Evitar adicar o remanente de tesourería ao financiamento de gastos ordinarios do exercicio.*
- *Reducir o custo do endebedamento a través da súa amortización extraordinaria cos préstamos anuais da Deputación Provincial, que teñen custo cero.*

*Este é o meu informe sen prexuízo doutra opinión superior en dereito ou no aspecto económico-orzamentario.*

---

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

**3. MOCIÓN grupo municipal PSOE: CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 membros que o constitúen.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 25 de novembro, o PSdeG-PSOE súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Neste 2020 cúmprense 20 anos da designación desta data por Nacións Unidas. E como en cada un deles, quere mostrar o seu apoio a tódalas vítimas: ás mulleres asasinadas, aos seus fillos e fillas orfos; ás súas nais, pais, irmáns, irmás, amizades... Compartimos a súa dor, a súa desolación e queremos combater a súa causa.

Tal como expresa a ONU, “a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica”. Este ano, ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial que nos arrasa. E que, se afecta as mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural na que se atopan, é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Directora Executiva de ONU Mulleres, PhumzileMlambo- Ngcuka, alertaba sobre o impacto da Covid-19 nas mulleres, e especialmente nas vítimas de violencia abocadas a confinarse co seu agresor: “O confinamento aviva a tensión e a tensión xerada por preocupacións relacionadas coa seguridade, a saúde e o diñeiro. Así mesmo, reforza o illamento das mulleres que teñen compañeiros violentos, separándoas das persoas e os recursos que mellor poden axudalas. É a situación perfecta para exercer un comportamento controlador e violento no fogar”.

No noso país, as chamadas ao 016 incrementáronse exponencialmente en todo o territorio durante o confinamento.

A violencia contra as mulleres é especialmente dura nas zonas rurais. O illamento que sofren as vítimas de violencia de xénero no ámbito da parella ou exparella é tripla: pola escasa participación dos espazos públicos e a relegación ao ámbito privado, por estar illadas xeograficamente e por identificar a súa propia situación como un proceso individual, e non como o problema estrutural que é, consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes. Así o indica o estudo sobre “Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural” realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), entre decembro de 2018 e xaneiro de

2020, en cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que este ano cumpre o seu terceiro aniversario.

O pasado ano publicouse o estudo sobre “Mulleres maiores de 65 anos vítimas de violencia de xénero”, que pon de manifesto unha realidade que permanece a miúdo invisible.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, longamente demandando polo movemento feminista, e impulsado polo PSdeG supuxo un antes e un despois na abordaxe institucional da violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, foi o cambio de paradigma que fixo posible no noso país que os poderes públicos recoñecesen un tipo concreto e específico de violencia, que é a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres. Así mesmo, continuando pola senda marcada, o Pacto de Estado é a mostra do consenso de todos os grupos parlamentarios, e por tanto, de toda a sociedade española representada a través deles, para acabar con esta violencia.

O PSdeG sempre loitou para que ningún interese partidista estivese por encima do recoñecemento do drama que supón esta violencia. Drama humano polas familias esnaquizadas, polo medo cotián que padecen tantas mulleres, pola incompreensión e ás veces ata pola indiferenza.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigaón. A violencia machista interpélanos a todos e todas, e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

No ámbito das nosas competencias desenrolamos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e as súas fillas e fillos.

**Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de RIANXO propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:**

1. Ratificar o compromiso firme do Concello coa igualdade de xénero, os dereitos das mulleres e a erradicación de calquera tipo de violencia contra as mulleres.
2. Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Integral contra a Violencia de Xénero do 28 de Decembro de 2004 e no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.
3. Promover accións de prevención, sensibilización, difusión, acerca da Violencia de Xénero en mulleres maiores de 65 anos destinadas a mellorar o coñecemento dos seus dereitos e dos servizos dispoñibles para atendelas.
4. Adaptación das campañas de prevención e sensibilización ás necesidades das mulleres que viven no mundo rural

5. Seguir colaborando coas entidades e asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista.
6. Tratar de intensificar e adaptar todos os recursos dos que dispón o concello relacionados con atención a vítimas de violencia machista durante a pandemia.
7. Combater os posicionamentos políticos que propugnen a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

#### **FORA DA ORDEN DO DÍA**

#### **MOCIÓN DE APOIO AO CONCELLO DE PADRÓN PARA O RECOÑECIMENTO OFICIAL DE PADRÓN COMO BERCE DA TRADICIÓN XACOBEA E DO CAMIÑO DA PEDRONÍA**

Conforme ao disposto no artigo 83 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á ratificación da urxencia polo Pleno a Moción relativa a APOIO AO CONCELLO DE PADRÓN PARA O RECOÑECIMENTO OFICIAL DE PADRÓN COMO BERCE DA TRADICIÓN XACOBEA E DO CAMIÑO DA PEDRONÍA, resultando ratificada a urxencia por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Con data 08/10/2020 e co rexistro de entrada número 202090000001180, recibíuse por parte do Concello de Padrón o certificado do acordo plenario para o recoñecemento oficial de Padrón como berce da tradición xacobeana e do camiño da Pedronía, un dos puntos de este acordo textualmente di:

".../...

*4.- Dirixirse oficialmente ás corporacións de Santiago de Compostela, Ames, Teo, Rois, Pontecesures, Valga, Caldas de Reis, A Pobra, Boiro, Ribeira e Rianxo, O Grove, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Vilagarcía e Catoira instando autorización para proceder á colocación de indicadores do camiño da Pedronía nos seus termos municipais e pedirlle apoio plenario no recoñecemento oficial do camiño.*

.../..."

A vista o exposto, propónse adoptar o seguinte acordo:

#### PRIMEIRO

A corporación do Concello de Rianxo, apoia o recoñecemento oficial de Padrón como Berce da Tradición Xacobeá e do Camiño da Pedronía.

#### SEGUNDO

Notificar este acordo ao Concello de Padrón.

Ábrese unha quenda de debate e sométese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

## 4. ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000012 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**[https://youtu.be/DdC-N\\_EmWu8](https://youtu.be/DdC-N_EmWu8)**